



CONCELLO DE XINZO DE LIMIA

Rúa Curros Enríquez, 15 32630 Xinzo de Limia – Tlf 988 550 111 – Fax 988 550 112
CIF P3203300C

www.xinzodelimia.gal

6.-ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA LICENZA DE APERTURA DE LOCAIS DE NEGOCIO.

Publicacións:

Creación, BOP 30/12/89

Modificación: BOP 29/12/2012

Modificación: BOP 26/12/2013.

Modificación: BOP 06/10/2020.

Última modificación BOP nº 217, do 21/09/2022.

Fundamento e natureza

Art. 1º- No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora de bases do réxime local, e de acordo co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo (texto refundido da Lei reguladora das facendas locais), establece a taxa por licenzas de actividades e instalación que se rexerá pola presente ordenanza fiscal e polo citado Real decreto 2/2004

Feito imponible

Art. 2º.-

1.- Constitúe o feito imponible desta taxa a realización da actividade municipal tendente a comprobar que a solicitude do administrado é conforme coas normas urbanísticas do PXOU de Xinzo, ordenanzas municipais de aplicación, así como, outras Regulamentacións especiais de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas, Decreto 133/2008 polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, e restante normativa de aplicación.

Igualmente, constitúe o feito imponible desta taxa, a actividade municipal consistente no procedemento de intervención e control en actividades suxeitas ó deber de comunicación previa ou declaración responsable, nos termos do artigo 20.4 i) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

2. Para tal efecto terá a consideración de apertura: A instalación por vez primeira do establecemento para dar comezo as súas actividades. A variación ou ampliación da actividade desenvolta no establecemento, aínda que continúe o mesmo titular. A ampliación do establecemento e calquera alteración que se leve a cabo neste e que afecte ás condicións sinaladas no n.º 1 deste artigo, esixindo unha nova verificación destas.





CONCELLO DE XINZO DE LIMIA

Rúa Curros Enríquez, 15 32630 Xinzó de Limia – Tlf 988 550 111 – Fax 988 550 112
CIF P3203300C

www.xinzodelimia.gal

3. Entenderase por establecemento industrial ou mercantil toda edificación habitable, estea ou non aberta ó público, que non teña por destino exclusivo ou de vivenda, e que:

Se dedique ó exercicio dalgunha actividade empresarial fabril, artesá, da construción, comercial e de servizos que estea suxeita ó imposto sobre actividades económicas.

Aínda sen desenvolver aquelas actividades, sirvan de auxilio ou complemento para as ditas actividades, ou teñan relación con elas de forma que lles proporcionen beneficios ou aproveitamento, como, por exemplo, redes sociais, axencias, delegacións ou sucursais de entidades xurídicas, escritorios, oficinas, despachos ou estudos.

Suxeito pasivo

Art. 3º.- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o art. 33 da Lei Xeral Tributaria, titulares da actividade que se pretende desenvolver ou, no seu caso, se desenvolva en calquera establecemento industrial ou mercantil.

Responsables

Art. 4º.- 1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os arts. 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 40 da Lei Xeral Tributaria.

Base imponible

Art. 5.- Constitúe a base imponible da taxa a renda anual que corresponda ó establecemento. Considerase a estes efectos renda anual o valor de mercado derivado da explotación do establecemento por calquera título e en función das características do mesmo (superficie e categoría de rúa).

No tocante á determinación da categoría da rúa na que se sitúe o establecemento, esta virá determinada consonte ao regulado no Anexo vixente da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa sobre marquesiñas, toldos, rótulos e outros análogos que voen sobre as vías públicas ou excedan das liñas de fachada. Consígnanse tres categorías de rúas:

1ª Categoría: 80 €/m² ata os 200 m², a partir de 201 m² é a 20 €/m².

2ª Categoría: 60 €/m² ata os 200 m², a partir de 201 m² é a 15 €/m².

Resto categorías: 40 €/m² ata os 200 m², a partir de 201 é a 10 €/m².

Sométense a nova tributación os supostos nos que se produza unha ampliación da actividade que se desenvolva no establecemento. Neste senso a base imponible virá determinada pola superficie a ampliar e categoría da rúa consonte ao expresado.





CONCELLO DE XINZO DE LIMIA

Rúa Curros Enríquez, 15 32630 Xinzo de Limia – Tlf 988 550 111 – Fax 988 550 112
CIF P3203300C

www.xinzodelimia.gal

Cota tributaria

Art. 6.- 1. A cota tributaria determinarase aplicando o tipo de gravame do 15,56% sobre a base definida no art. anterior.

2. A cota tributaria esixirase por unidade de local.

3. No caso de apertura de establecementos provisionais, orixinados por unha situación eventual de emerxencia por causa de obras nos locais, se o tempo de utilización do local excede dun ano, sen rebasar os tres, o tipo de gravame a aplicar sobre a base impositiva será do 6,223%, e de non exceder a utilización dun ano aplicarase o tipo de gravame do 3,111%. Nestes supostos de utilización de locais provisionais, transcorrido o tempo declarado que motivou a aplicación do tipo reducido sen que o interesado acredite ante a Administración municipal o abandono do local provisional, aplicarase nova liquidación pola diferenza entre o tipo aplicado e o establecido como regra xeral.

4. No caso de desestimento formulado polo solicitante con anterioridade á concesión da licenza, as cotas a liquidar serán o 10,371% das sinaladas nos números anteriores, sempre que a actividade municipal for iniciada efectivamente.

Exencións e bonificacións

Art. 7º.- Non se concederá exención nin bonificación algunha na exacción da taxa.

Devengo

Art. 8º.- 1. Aplicación da taxa e nace a obriga de contribuír, cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito impositivo. A estes efectos, entenderase iniciada a actividade na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de apertura, de formulala expresamente o suxeito pasivo.

2. Cando a apertura tivera lugar sen obter a oportuna licenza, a taxa aplicarase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se o establecemento reúne ou non as condicións esixibles, con independencia da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para autorizar a apertura do establecemento ou decretar o seu peche, de non ser autorizable a apertura.

3. A obriga de contribuír, unha vez nacida, non se verá afectada, de ningunha maneira, pola denegación da licenza solicitada nin polas condicións do establecemento, nin pola renuncia ou desestimento do solicitante unha vez concedida a licenza.

Declaración

Art. 9º.- 1. As persoas interesadas na obtención dunha licenza de apertura de establecemento industrial ou mercantil presentarán previamente a oportuna solicitude, con





CONCELLO DE XINZO DE LIMIA

Rúa Curros Enríquez, 15 32630 Xinzo de Limia – Tlf 988 550 111 – Fax 988 550 112
CIF P3203300C

www.xinzodelimia.gal

especificación da actividade ou actividades que se desenvolverán no local, acompañada do contrato de alugueiro ou título de adquisición do local, indicando neste último caso se o local non tivera asignado valor catastral, o prezo de adquisición ou o custo de construción das mesmas, no seu caso.

2. Se despois de formulada a solicitude de licenza de apertura se variase ou ampliase a actividade que se desenvolverá no establecemento, ou se alterasen as condicións proxectadas por tal establecemento ou ben se ampliase o local inicialmente previsto, estas modificacións deberanse de pór en coñecemento da Administración municipal co mesmo detalle e alcance que se esixe na declaración prevista no número anterior.

Liquidación e ingreso

Art. 10º- Unha finalizada a actividade municipal e, unha vez ditada a resolución que proceda sobre a licenza de apertura, practicarase a liquidación correspondente pola taxa, que será notificada ó suxeito pasivo para o seu ingreso directo nas arcas municipais utilizando os medios de pagamento e os prazos que sinala o Regulamento xeral de recadación.

Infraccións

Art. 11º- No relativo á cualificación de infraccións tributarias así como as sancións que a elas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos art. 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

As tarifas especificadas nesta ordenanza, incrementarase anualmente en función do IPC correspondente.

Disposición Transitoria:

“Para tratar de paliar as consecuencias económicas da crise sanitaria motivada pola Pandemia COVID 19, así como a suba xeneralizada de prezos durante o ano 2022, a presente ORDENANZA FISCAL Nº 6: REGULADORA DA TAXA POLA LICENZA DE APERTURA DE LOCAIS DE NEGOCIO non será de aplicación durante o prazo de tres anos dende o 06.10.2020”.

Disposición final.

Esta ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno municipal en reunión do 7 de xullo de 2022, substitúe e derroga á anterior, e entrará en vigor a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do día 22 de setembro de 2022, permanecendo en vigor ata que sexa modificada ou derrogada expresamente.

